

# ESTUDIO SOCIOECONÓMICO SOBRE A CAZA E O PERFIL DO CAZADOR EN GALICIA



Realizado por  
Econométrica Investigación Social S.L.  
para



**Federación Galega de Caza**  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo

# Resumo do Estudo socioeconómico sobre a caza e o perfil do cazador en Galicia

---

*Realizado por:*



*para o Observatorio Galego da Caza*



**Federación Galega de Caza**  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)



## Introducción

O medio natural constitúe un espacio de interdependencia e aproveitamento harmónico, facendo factible o equilibrio xeral entre tódalas actividades que nel se desenvolven, mesmo nos espazos físicos de colusión. Agricultura, gandería ou caza, como usos tradicionais, xunto coas novas actividades de turismo, ocio ou deporte, comparten dalgún xeito o medio natural e rural para o seu aproveitamento, debendo existir unha adaptación e convivencia entre unhas actividades e outras.

### **1.1. Obxectivos.**

O presente estudio realiza un achegamento á actividade cinexética dende unha perspectiva socioeconómica, baseada en dúas análises principais: o perfil do cazador en Galicia e a cifra de negocio que se manexa no sector. Dentro deste último indicador observarase tanto o volume económico medio que se move coa práctica da caza en Galicia como o gasto medio que soporta anualmente cada cazador.

### **1.2. Metodoloxía.**

Segundo a planificación inicial, para o estudio preparouse unha metodoloxía tendente á obtención da información necesaria que permitirá un achegamento preciso aos obxectivos plantexados, consistente en varias fases de recollida de información secundaria e primaria. Concretamente, optouse por técnicas de tipo cuantitativo e cualitativo, a través dunha enquisa realizada aos cazadores, e de entrevistas abertas a expertos, institucións e empresas representativas neste eido.

#### **1.2.a) Enquisa estatística sobre o perfil do cazador en Galicia.**

A enquisa constitúe unha técnica de investigación baseada na utilización do cuestionario como elemento directo de recollida de datos. O cuestionario elabórase coas diferentes preguntas, de tipo pechado, que se pretende facer ás persoas seleccionadas, neste caso cazadores individuais, guiando a resposta que se pretende obter entre poucas opcións posibles. Isto permite que se poidan considera-los datos



cun carácter cuantitativo, e polo tanto perfectamente mensurables e tratados con medios estatísticos.

A enquisa realizouse a través dun cuestionario confeccionado sobre cinco bloques diferenciados, coas correspondentes baterías de preguntas encamiñadas á recollida da información dos diferentes aspectos que se plantexan. Cadaún dos bloques, nos que se reparten 88 variables, ten unha estrutura interna na que se tentou busca-la precisión e a brevidade nas preguntas, de xeito que non exista a posibilidade de que se faga excesivamente pesado para o enquisado.

Procurouse ter en conta a diseminación da poboación cazadora dentro do territorio galego, así como as características diferenciais nas formas de caza entre unhas zonas e outras que sin ser especialmente significativas preténdense manter representadas na mostraxe.

A enquisa levouse a cabo, desde as oficinas da Federación Galega de Caza, a través de chamada telefónica en horarios adaptados aos propios cazadores, contactando directamente cos deportistas cinexéticos seleccionados na mostraxe previa, deste xeito conseguiuase unha participación moi alta na enquisa, a pesar de requirir máis de media hora de conversación con cadaún dos enquisados. Dentre os cazadores galegos seleccionouse unha mostra poboacional de 585 cazadores, o que da unha marxe de erro entorno ao +/- 4%, no caso de maior indeterminación.

### **1.2.b). Entrevistas abertas a expertos en cuestións cinexéticas.**

A investigación cualitativa, mediante entrevistas, deseñouse neste caso con dúas vertentes claramente diferenciadas: por un lado para servir como complemento do estudo mediante a técnica cuantitativa de enquisa, e polo outro para procurar un achegamento ao plantexamento socioeconómico do presente estudo de cara á actividade cinexética. Este tipo de información ten un carácter menos mensurable pero permite un maior achegamento á problemática obxecto de estudo, cunha profundidade moi superior a calquer outra técnica. Á hora da análise da información, plásmase mellor a cercanía ao panorama social que rodea a actividade cinexética.



### 1.2.c). Aproximación ao impacto económico da caza a través da construción de indicadores sintéticos.

Para poder aproximar uns indicadores fiables de valor económico, tanto da actividade cinexética en xeral, como para o achegamento ao gasto do cazador galego, fáise necesario cuantificar, nunha serie de variables, os valores de custo medio dos diferentes bens e servicios que interveñen na actividade do cazador. Existirán cuestións de carácter exclusivamente cinexético, cun mercado específico para elo, e outras que a propia actividade cinexética comparte con outros mercados, relacionados ou non.


As estimacións levadas a cabo tentan sentar custos medios por ben ou servicio, tomando como referencia os prezos de venda ao público nos diferentes lugares de adquisición ou disfrute dentro do panorama cinexético galego, a través de datos acadados de xeito directo no mesmo lugar onde se orixinan, ou a través da compra a distancia, consultando nas páxinas web das diferentes empresas ou organismos. As estimacións serán relativas a un período anual, estimando os custos medios relativos en función dun consumo mínimo anual.

A análise aproximarase por parte demanda, é dicir, o gasto dos cazadores na adquisición de bens ou servicios destinados á actividade que practican, e por parte da oferta, isto é, os ingresos xerados polas empresas adicadas á comercialización e venda de produtos destinados a este mercado.

### 1.3. Datos Sociodemográficos

#### 1.3.1 Idade do entrevistado.

	Porcentaxe (%)
Entre 17 e 29 anos	8,00
De 30 e 49 anos	48,40
De 50 e 64 anos	29,40
De 65 e 79 anos	13,30
De 80 anos e mais	0,90
<b>Total</b>	<b>100,00</b>



### 1.3.2 Contacto actual do entrevistado co rural.

	Porcentaxe (%)
Reside actualmente nun núcleo rural	72,40
Vai de visitas fins de semana/vacacións	22,80
Vai de visita algunhas fins de semana	3,60
Outros	0,70
Ns/ Nc	0,40
<b>Total</b>	<b>100,00</b>

### 1.3.3. Entrevistados con Casa familiar no rural.

	Porcentaxe (%)
Si	92,90
Non	6,80
Ns/Nc	0,40
<b>Total</b>	<b>100,00</b>

### 1.3.4. Situación laboral do entrevistado.

	Porcentaxe (%)
Ocupado/a	69,30
Parado/a tendo traballado antes	6,60
Parado/a procurando primeiro emprego	0,50
Xubilado/a	21,70
Estudante	1,50
Outras	0,40
<b>Total</b>	<b>100,00</b>



### 1.3.5. Ocupación laboral.

	Porcentaxe (%)
Traballadores por conta propia	40,20
Traballadores por conta allea	61,80
<b>Total</b>	<b>100,0</b>

### 1.3.6. Nivel de estudos.


	Porcentaxe (%)
Non sabe ler nin escribir	0,50
Sen estudos (sabe ler e escribir)	7,70
EGB- ESO	45,80
BUP-COU	5,50
FPI	4,70
FPII	15,10
Estudos Universitarios	8,00
Ns/Nc	12,60
<b>Total</b>	<b>100,0</b>

### 1.3.7. Ingresos por fogar.

	Porcentaxe (%)
Ata 499 €	0,40
De 500 a 999 €	4,90
De 1000 a 1499€	16,40
De 1500 a 1999€	19,50
De 2000 a 2499 €	26,50
De 3000 a 4999€	19,90
Máis de 5000 €	2,00
Ns/Nc	10,40
<b>Total</b>	<b>100,00</b>



## 1.4. Relación coa Práctica da Caza



### 1.4.1. ¿Por qué comezou a practica-la caza?

	Porcentaxe (%)
Por tradición familiar	56,60
Por cercanía con ese mundo	4,90
Por algún amigo	21,90
Por interese personal	16,60
<b>Total</b>	<b>100,0</b>

### 1.4.2. ¿Qué opina a súa familia sobre a súa práctica?

	Porcentaxe (%)
Está moi de acordo	20,80
Está bastante dacordo	58,20
Dacordo	16,40
Algo en desacordo	2,60
En desacordo	1,50
Ns/Nc	0,50
<b>Total</b>	<b>100,00</b>





#### 1.4.3. ¿Qué opina o seu entorno?

	Porcentaxe (%)
Está moi de acordo	35,40
Está bastante dacordo	54,90
Dacordo	7,50
Algo en desacordo	1,30
En desacordo	0,20
Ns/Nc	0,70
<b>Total</b>	<b>100,00</b>


#### 1.4.4. ¿É socio dalgún tecor?

	Porcentaxe (%)
Si	98,00
Non	2,00
<b>Total</b>	<b>100,00</b>

#### 1.4.5. ¿De cuántas sociedades é socio?

	Porcentaxe (%)
Non son socio de ningún	2,00
Un	57,70
Dous	28,10
Tres	9,70
Catro	1,30
Cinco	0,50
Seis	0,20
Ns/Nc	0,50
<b>Total</b>	<b>100,00</b>

#### 1.4.6. ¿Onde adoita cazar?





1.4.7. ¿Fóra de Galicia, a qué Comunidade Autónoma acode preferentemente?

	Porcentaxe (%)
Asturias	4,90
Castela A Mancha	35,20
Castela León	50,80
Castela A Mancha e Castela León	3,30
Madrid	0,80
País Vasco	0,80
Castela León e Extremadura	0,80
Castela a Mancha e Extremadura	0,80
Ns/Nc	2,50
<b>Total</b>	<b>100,00</b>

1.4.8. ¿Practicou algunha vez a caza internacional?

	Porcentaxe (%)
Si	1,80
Non	98,20
<b>Total</b>	<b>100,00</b>

1.4.9. ¿Cántas saídas pode facer nunha tempada?

	Porcentaxe (%)
Menos de 10	7,50
Entre 10 e 20	38,70
Entre 20 e 30	32,50
Entre 30 e 40	9,50
Máis de 40	7,30
Ns/Nc	4,60
<b>Total</b>	<b>100,00</b>



## 1.5. Relacións Sociais.

### 1.5.1. ¿Con quen adoita cazar?

	Porcentaxe (%)
Adoita ir so	5,70
Acompañado de amigos	84,50
Acompañado de familiares	6,60
Cuadrilla de caza/veciños	2,70
Ns/Nc	0,50
<b>Total</b>	<b>100,00</b>

### 1.5.1. ¿Actividades de ocio que realiza?

	Nunca	Menos de unha ao mes	Varias veces mes	Tódolos días	Ns/Nc	Total
Vela TV	0,90%	2,20%	13,90%	82,70%	0,40%	100,00%
Escoitar Música	5,70%	8,00%	29,90%	54,60%	1,80%	100,00%
Escoitar a radio	2,90%	2,90%	17,90%	75,70%	0,50%	100,00%
Ler (prensa ou libros)	4,90%	7,50%	32,50%	53,10%	2,00%	100,00%
Facer manualidades	54,90%	35,20%	6,60%	0,50%	2,70%	100,00%
Ir de compras	11,50%	59,70%	26,50%	0,50%	1,80%	100,00%
Ir o cinema	61,10%	31,00%	6,00%		1,80%	100,00%
Asistir a concertos ou teatro	69,30%	25,50%	3,30%		1,80%	100,00%
Visitar exposicións	51,60%	42,50%	3,50%		2,40%	100,00%
Xogar co ordenador ou navegar na rede	55,50%	8,80%	13,10%	21,50%	1,10%	100,00%
Pasear ou facer exercicio	3,30%	16,40%	71,00%	8,40%	0,90%	100,00%
"Salir a tomar algo con parella/familia"	1,60%	7,10%	86,30%	2,40%	2,60%	100,00%
Reunirse con amigos fora da casa	1,30%	5,50%	87,80%	3,60%	1,80%	100,00%
Ir visitar a familia	1,30%	4,40%	87,00%	5,50%	1,80%	100,00%
Asistir a eventos deportivos	45,10%	34,10%	16,80%	0,20%	3,80%	100,00%
Practicar algún outro deporte	58,40%	15,10%	19,30%	0,50%	6,60%	100,00%



## 1.6. Formación sobre a Caza.

### 1.6.1. Actividades que realizan para mellora-los seus coñecementos.

	SI	NON	Ns/Nc	TOTAL
Ler revistas sobre caza	96,20%	3,60%	0,20%	100,00%
Ler libros sobre o tema	64,60%	35,20%	0,20%	100,00%
Ver programas televisivos sobre a caza	89,40%	10,60%		100,00%
Escoitar programas radifónicos sobre a caza	50,00%	49,80%	0,20%	100,00%
Consultar a páxina web da Federación	23,40%	76,30%	0,40%	100,00%
Ir a cursiños ou xornadas impartidos pola Federación ou outros	36,30%	62,80%	0,70%	100,00%
Outras	1,30%	27,70%	71,00%	100,00%

## 1.7. Equipamento.

### 1.7.1. ¿Cántos cans ten?

	Porcentaxe (%)
Entre 1 e 3	12,00
Entre 4 e 6	38,90
Entre 7 e 12	27,00
Máis de 12	21,40
Ns/Nc	0,70
<b>Total</b>	<b>100,00</b>

### 1.7.2. ¿Dispón de vehículo especial para ir de caza?

	Porcentaxe (%)	
	Vehiculo especial	Remolque
Si	26,50	72,80
Non	73,40	26,30
Ns/Nc	0,20	0,90
<b>Total</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>



### 1.7.3. ¿Equipamento co que conta?

		Porcentaxe (%)
Equipamentos	Roupa especial para a caza	95,10
	Calzado especial para a caza	96,30
	Funda de armas	98,20
	Visores especiais	19,20
	Prismáticos	28,20
	Coitelo/ Navalla de caza	36,70
	Lanterna	17,40
	Outros	20,10
	Ns/Nc	0,70
<b>Total</b>	<b>100,00</b>	

### 1.7.4 ¿Onde merca a roupa e calzado habitualmente?

		Porcentaxe (%)
Gran Superficie		26,30
Gran Almacen		15,50
Tendas especializadas		85,20
Catálogos		0,40
Internet		0,70
Ns/Nc		2,70
<b>Total</b>		<b>100,00</b>

### 1.7.5. ¿Onde merca as armas e as municions habitualmente?

		Porcentaxe (%)
Gran Superficie		0,70
Gran Almacen		1,10
Tendas especializadas		19,00
Catálogos		0,40
Internet		0,40
Armería Próxima		86,50
Ns/Nc		1,60
<b>Total</b>		<b>100,00</b>



### 1.7.6. ¿Onde merca o resto do equipamento?

	Porcentaxe (%)
Gran Superficie	24,10
Gran Almacen	15,10
Tendas especializadas	84,70
Catálogos	0,20
Internet	0,90
Ns/Nc	3,60
<b>Total</b>	<b>100,00</b>

### 1.7.7. ¿Cánto gasta por tempada, en total, na caza?

	Porcentaxe (%)
Menos de 200 €	0,90
Entre 201 e 400 €	7,50
Entre 401 e 600 €	12,20
Entre 601 e 800 €	18,80
Entre 801 e 1200€	19,50
Máis de 1200€	40,50
Ns/Nc	0,50
<b>Total</b>	<b>100,00</b>

## 2. APROXIMACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA, RELACIONES SOCIAIS E FORMACIÓN.

Cabe subliñar a pervivencia da actividade entre os maiores, a diferenza doutros deportes susceptibles de requirir unha mellor forma física, a caza é unha actividade que seguen a practicalo 14,20% de persoas que superan os 65 anos, cunha importante incorporación de xóvenes entre 17 e 29 anos (4335 novos cazadores). Un 58,40% de cazadores non practica ningunha outra actividade deportiva.

O 98% dos cazadores son socios dalgún tecor -o 57,70% son socios dun só e o 40,30% pertencen a varios tecores-. O 20% cazan tamén noutras comunidades autónomas do Estado, mentres que 975 cazadores galegos practican a caza internacional. A media de xornadas de caza é de 20 días por cazador e ano.

Segundo os datos reflectidos no estudio, a caza supón unha práctica deportiva cunha elevada participación e aceptación fundamentalmente no medio rural, onde residen o 72,40 % dos cazadores, e teñen relación directiva co rural un 92,90%.

No que se refire á relación familiar coa caza, o 97,80% dos enquisados considera que tanto a súa familia como o seu entorno teñen unha opinión favorable sobre a actividade cinexética. O 84,50% dos cazadores adoita cazar acompañado de amigos.

En xeral os deportistas cinexéticos melloran os seus coñecementos a través da lectura (un 96,20% lee revistas cinexéticas, e 64,60% libros especializados), dos programas televisivos e radiofónicos (o 89,40% ve programas televisivos sobre a caza, e o 50% escoita programas radiofónicos especializados), o 23,40% consulta habitualmente a páxina web da Federación Galega de Caza, e o 36,30% ten asistido a cursiños e xornadas formativas sobre a actividade.



No relativo ao equipamento e avituallamiento, cabe salientar que a media de cans por cazador é de 5; dispoñen de vehículo especial preto de 15000 cazadores (14359,29), e contan con remolque o 72,80%. Máis do 95% conta con roupa e calzado especial para poder cazar que adoitan mercar en tendas especializadas (85,20%), mentres que as armas adquirenas habitualmente nas armerías máis próximas (86,50%).

### 3. APROXIMACIÓN AO IMPACTO ECONÓMICO DA CAZA.

Un dos obxectivos do presente estudio era coñecer a realidade económica do sector en Galicia. O análise amósanos que os 54186 cazadores rexistrados en Galicia no ano 2007 adicaron á actividade cinexética unha media de 1745 €uros por cazador e ano, o que xera un volumen de negocio directo e indirecto de 94.554.570 €uros.

Durante o análise púxose de manifesto que o 19% dos cazadores galegos (10.295) tamén cazaron fora de Galicia, por tanto segundo os datos esgrimidos no estudio estímase que 20.600.000 € corresponde a gasto realizado noutras comunidades autónomas.

#### 2.1. Gasto aproximado por cazador e ano na práctica da actividade.

<i>INDICADORES</i>	<i>CUSTOS MEDIOS ESTIMADOS POR ANO (euros)</i>
Formas de caza e asistencia a eventos organizados	510
Armento e municións	110
Vestimenta e equipo	95
Turismo, hostelería e desprazamentos	540
Licencias e seguros	80
Animáis e veterinarios	410
Total custo estimado por cazador e ano	1.745





A pesares da época de crise, só están en situación de parado o 6,60% dos cazadores galegos, o 69,30% son traballadores en activo, dos que o 40,20% son traballadores por conta propia -o 52,90% son autónomos e o 27,50% empresarios con menos de 5 traballadores-, e o 61,80% traballadores por conta allea –predominando os traballadores manuais cualificados e non cualificados con máis do 60%-. No que se refire a nivel de estudos, o 25,30% conta con estudos de bachiller ou equivalente; o 8% dos cazadores conta con estudos universitarios, e non contan con estudos o 8,20%.

O 46% dos cazadores galegos ten unha renda familiar entre os 1500-2500 €uros mensuais.

Santiago de Compostela, a 14 de outubro de 2009